**CELEBRACIÓN DO DOMINGO**
**N´OS COTOS**

**2-3 de xullo do 2016**

**XIV DO TEMPO ORDINARIO**






OS COTOS CO POBO
E COS REFUXIADOS DE SIRIA





## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

**(tod@s de pé)** @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA ♫** ***nº 4 Amigos nas penas***

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Celebrante***

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para facer comunidade, e facémolo no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estas semanas pasadas témonos atopado cun Xesús que nos convida a seguilo dende unha decisión libre. Hoxe, no evanxeo, Xesús non se contenta con que o sigamos, quere algo máis, quere enviarnos, quere que nos sintamos os seus enviados.

Hoxe, compartindo esta celebración, chámasenos a ser testemuñas, para que coa nosa vida reflexemos a vida de Xesús, chámasenos a que levemos a súa paz a todos, de balde, xenerosamente, sen medir consecuencias e sen ter medo.

## ACTO PENITENCIAL

***Celebrante*** Pero non sempre somos testemuñas así. Ás veces en vez de ofrecer paz o que ofrecemos son enfrontamentos, en vez de ofrecer palabras de alento o que ofrecemos son críticas e condenas, en vez de ser optimistas con ilusións somos o de sempre e coas rutinas de sempre. Seguir a Xesús require sentirse chamado, comprometido e enviado. Renovamos agora os nosos compromisos.

***Monitor/a***

- ¿Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que nos fan "enviados do evanxeo"?

  **SÍ, COMPROMETÉMONOS**

- ¿Comprometémonos a vivir sendo "testemuñas" de paz e de ilusión?

  **SÍ, COMPROMETÉMONOS**

- ¿Comprometémonos a vivir sentíndonos parroquia e comunidade ao xeito de Xesús?

  **SÍ, COMPROMETÉMONOS**

***Celebrante*** Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se senten desilusionados e cansos no camiño, nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.



## ORACIÓN PROPIA DO DIA

***Celebrante*** Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silenzo o que rebule no noso interior. Temos presente a todos os catequistas que con palabras e feitos sementan o evanxeo nos nenos de hoxe.

***(silenzo)***

Deus noso Pai,
pola vida do teu Fillo, es alento
para quen se sinte asoballado e canso.
Concédenos aos teus fieis a túa santa alegría
e axúdanos a vivir sabéndonos enviados
a facer evanxeo para a paz.
Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*No Leccionario I C páxina* *LECTURA*

**LECTURA DO PROFETA ISAÍAS**

♫ ***nº 7*** ***Andarei na presenza*** *SALMO*

***(en pé)*** *No Leccionario I C páxina* *EVANXEO*

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

***Celebrante*** Neste encontro parroquial, respectando outros credos, damos resposta da nosa fe, e do noso sabernos enviados para facer evanxeo, dicindo:

♫ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a***

¿Credes en Deus, Pai que ama a todos sen diferenza e que nos envía para facer un mundo, non de servos e escravos, senón de irmáns?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

¿Credes en Xesús, que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos envía para que nas nosas familias, e nas nosas comunidades deamos testemuño da fe?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

¿Credes no Espírito de Deus, que nos alenta a colaborar, construíndo unha sociedade, que non asoballe, que respecte e axude a vivir en paz e en irmandade?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

¿Credes na igrexa, comunidade que necesita das nosas mans e das nosas ilusións, para sermos Igrexa anunciadora do Reino de Deus?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***



## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

***Celebrante*** Movidos pola fe que compartimos, imos rezar xuntos como comunidade dicindo:

***Queremos ser testemuñas do evanxeo***

***Monitor/a***

1.- Polas nosas comunidades para que sexan comunidades vivas, ilusionantes e ilusionadoras, e transmitan a todos as ganas por vivir, por traballar e facer do mundo un fogar cheo de paz. Oremos

2.- Pedimos pola Igrexa, para que deixemos atrás as rutinas que tantas veces nos aburren e sexamos portadores de novidade e esperanza. Oremos

3.- Pedimos por nós, para que sendo verdadeiras testemuñas do evanxeo nos sintamos enviados de Xesús para ser anunciadores de boas novas dende o respecto, a acollida, o diálogo, a comprensión e a escoita. Oremos

4.- Polos refuxiados e por todas as persoas que esperan mans acolledoras e tolerantes, oremos

***Celebrante*** *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de ser testemuñas do evanxeo, Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN
## CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

***Celebrante*** Con total liberdade, comprometéndonos co Deus que é Pai, e sentíndonos enviados por Xesús a facer evanxeo, dicimos confiados a oración que el nos aprendeu

NOSO PAI ...

### SIGNO DA PAZ

***Celebrante*** As nosas mans tendidas uns para os outros expresan o noso compromiso de dar unha man para o Reino. Queremos facelo entusiasmados co que podemos aportar para un mundo en irmandade. Así compartimos a paz.

***CANTO ♫ nº 36 Fagamos a paz irmáns***

**COMUÑÓN**

***Celebrante*** A mesa da Eucaristía é compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, asumindo a decisión dun xeito persoal, e así facer evanxeo.

Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.

***CANTO ♫ nº 58 Acharte presente na vida***



## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

***Celebrante***

Señor, Ti énchesnos de alento
ao compartir a vida escoitando as túas palabras.
Fai que non deixemos nunca de pregoar
o evanxeo da vida
do que Cristo nos quere anunciadores.
El que vive e reina entre nós
por sempre eternamente. Amén

Que o Señor nos bendiga,†
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

Avisar que o martes 19 de xullo será a excursión da catequese. Os nenos e nenas que queiran ir teñen que anotarse cos párrocos ou coas catequistas. Hai que apuntarse xa. Como noutros anos e porque os nenos así o desexan volvemos ir ao Parque acuático de Cerceda.